- Proba libro lectura obrigatorio: 20%. Valorarase a comprensión do libro así como a expresión. Puntuarase tamén a corrección da lingua segundo o dito anteriormente, co límite máximo neste caso de 1 punto (sobre 10). Indicarase tamén o valor numérico da(s) pregunta(s)

- Produtos e Observación: 10 % Para a valoración da realización dos exercicios ou traballos propostos, así como a orde e limpeza das cadernos, o traballo na aula, a atención, a actitude positiva, e o respecto do alumnado cara a materia, o grupo e o profesor

XEOGRAFÍA E HISTORIA

- Probas escritas contidos: 80% . Farase, polo menos, un exame por avaliación. De facerse máis dun exame, a nota será a media dos exames, sendo necesario obter o mínimo de 3 puntos (sobre 10) EN CADA UN DELES para facer a media co(s) outro(s). De non acadar este mínimo tampouco se sumarán o resto das cualificacións (produtos, observación) e suspenderase a materia e o ámbito, adoptando as medidas correctoras oportunas. Deberase indicar en cada pregunta o valor numérico da mesma.

- Produtos e Observación: 20 % inclúe a realización dos exercicios ou traballos propostos, tanto na casa como na aula, así como a orde e limpeza das cadernos, a atención, a actitude positiva, e o respecto do alumnado cara á materia, o grupo e o profesor

Outros aspectos:

- O alumno que non realice un exame na data fixada deberá presentar xustificante oficial para poder realizar o mesmo.
- Empregar métodos fraudulentos na realización de probas, permitir que outros copien o seu traballo ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar resultados implicará a obtención automática dun cero (0) na proba correspondente.
- Calquera proba gravemente ilexible ou mal presentada poderá non ser cualificada ou ser rebaixada na nota
- O profesor/a poderá permitir, nos casos que estime oportunos, e indicando as pautas a seguir en cada caso concreto, a realización de lecturas e traballos de carácter voluntario por parte do alumnado, con repercusión na cualificación final, cun límite máximo de 1 punto, e sempre que a avaliación estea aprobada.
- Redondeos. Cando da suma das notas que integran a cualificación resulte un decimal que sexa 0,8 ou 0,9, asimilárase ao enteiro superior (Ex.: 3,8 obterá un 4 na avaliación, 5,9 un 6, etc.)

Considerase superada a avaliación cando o alum no obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Recuperación de probas non superadas

Libros de lectura obrigatorios: Realízase unha proba.

Resto de probas: De xeito excepcional poderá realizarse algunha recuperación a través de probas escritas (caso de unidades ou contidos que presenten especial dificultade para o alumnado) A cualificación destas probas farase atendendo aos mesmos criterios e ponderación que as probas ordinarias, de forma que a posibilidade de mellora recae na proba escrita e mantense a cualificación do resto de instrumentos de avaliación. Só se modificará a cualificación se é superior á inicial.

Recuperación de avaliacións non superadas

En PMAR non se realizará unha proba de recuperación de contidos ao finalizar cada avaliación. Trátase de contidos progresivos e non consideramos oportuna esta proba. Se a fin de curso facendo a media das tres avaliacións non consegue aprobar (ou nalgunha avaliación ten unha nota inferior a 4), terá dereito a unha proba final escrita en xuño; no caso de ter algunha avaliación aprobada realizará unha recuperación das avaliacións suspensas (a través dunha proba escrita) o mesmo día do exame final.

9.4.3. Procedementos de avaliación final

Quen debe ir á avaliación final†

Calquera alum no/a que non teña superada a materia.

En que consistirá a proba?

Será unha proba escrita de todo o ámbito, Incluindo as tres materias, Lingua Galega e literatura, Lingua e Literatura Castelá e Xeografía e Historia, para os alumnos que non aprobasen ningunha avaliación e que incluírá tamén os libros de lectura obrigatorios suspensos se é o caso. Excluíranse desta proba aquelas materias e/ou avaliacións que o alumno aprobase con anterioridade.

A cualificación destas probas farase atendendo aos mesmos criterios e ponderación que as probas ordinarias, de forma que a posibilidade de mellora recae na proba escrita e mantense a cualificación do resto de instrumentos de avaliación. Só se modificará a cualificación se é superior á inicial.

Que estándares se van avaliar?

Os correspondentes ás probas a recuperar das avaliacións indicadas.

Como se elabora a cualificación final†

Obtidas as notas das probas efectuadas, aplicadas as porcentaxes de cualificación indicadas anteriormente, e respectando o establecido igualmente para o redondeo, para superar a materia o alumno deberá acadar como mínimo un 5. Os alumnos que non acaden o mínimo indicado nesta avaliación final do mes de xuño, poderán realizar unha proba en setembro para superar a materia.

Que criterios segue o centro para a promoción?

Os indicados no decreto 86/2015

9.4.4. Procedementos **de avaliación extraordinaria**

Que tipo de proba se vai aplicar?

Será unha proba escrita que incluírá as tres materias do Ámbito Sociolingüístico, similar na estrutura á das levadas a cabo durante o curso, referirase a toda a materia do mesmo, e poderá incluír preguntas dos libros de lectura obrigatorios. Na proba indicárase a puntuación de cada pregunta.

Como se cualifica?

A proba extraordinaria de setembro será cualificada de 1 a 10 para cada materia, e a nota final será a media aritmética das tres materias que compoñen o ámbito. O redondeo aplicable será o mesmo que o establecido na proba final de xuño. Para superar a materia o alumno/a deberá alcanzar como mínimo un 5

9.4.5. Procedementos de recuperación e avaliación de pendentos

Dous alumnos coa materia pendente

10. 1º BAC. LITERATURA UNIVERSAL

10.1 SECUENCIACIÓN DE TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

Avaliación	UNIDADES DIDACTICAS			Referencia libro texto	Temporalización		Probos avaliación
	Tema / U.D.	Bloqu	Contidos		Mes	Sesiões	
1ª Aval.	U.D.	B1 B2	BLOQUE 1: PROCESOS E ESTRATEXIAS BLOQUE 2: OS GRANDES PERÍODOS E MOVEMENTOS DA LIT. UNIVERSAL				
		B.1.1.	Lectura e comentario de fragmentos, antoloxías e obras completas significativas da literatura universal.	APOR- TADO POLO PROFE- SOR/A	o trim	50	UNHA COMO MÍNIMO
		B.1.2.	Relacións entre obras literarias e o resto das artes.				
		B.1.3.	Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos. Superación de estereotipos (de xénero, clase, crenzas, etc.).				
		B.1.4.	Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos.				
		B.2.1.	Da Antigüidade á Idade Media: As mitoloxías e a orixe da literatura.				
		B 2 2	Renacemento e Clasicismo: <ul style="list-style-type: none"> – Os cambios do mundo e a nova visión do home durante o Renacemento. – A lírica do amor: o petrarquismo. Orixe: a poesía trovadoresca e o Dolce Stil Nuovo. A innovación do Cancioneiro de Petrarca. Lectura e comentario dunha antoloxía lírica e dalgún conto da época. – A narración en prosa: Boccaccio. – Teatro clásico europeo. O teatro isabelino en Inglaterra. Comenzo do mito de Fausto dentro da literatura. Lectura e comentario dunha obra de teatro clásico. Observación das relacións existentes entre as obras de teatro clásicas e as obras de diferentes xéneros musicais e cinematográficos que xurdiron a partir delas. 				

Avaliación	UNIDADES DIDACTICAS			Referencia libro texto	Temporalización		Probos avaliación
	Tema U.D.	Bloque	Contidos		Mes	Sesiões	
2ª Aval.	Tema U.D.	B1 B2	BLOQUE 1: PROCESOS E ESTRATEXIAS BLOQUE 2: OS GRANDES PERÍODOS E MOVEMENTOS DA LIT. UNIVERSAL				
		B.1.1.	Lectura e comentario de fragmentos, antoloxías e obras completas significativas da literatura universal.	APOR- TADO POLO PROFE- SOR/A	2º trim.	45	UNHA COMO MÍNIMO
		B.1.2.	Relacións entre obras literarias e o resto das artes.				
		B.1.3.	Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos. Superación de estereotipos (de xénero, clase, crenzas, etc.).				
		B.1.4.	Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos.				
		B 2 3	O Século das Luces: <ul style="list-style-type: none"> – O desenvolvemento do espírito crítico: a Ilustración. A Enciclopedia. A prosa ilustrada. – A novela europea no século XVIII. Os herdeiros de Cervantes e da picaresca española na literatura inglesa. – Lectura comentada dalguna novela europea da prosa ilustrada e dalgún fragmento de novela inglesa do século XVIII. 				
		B.2.4.	O movemento romántico: <ul style="list-style-type: none"> – A revolución romántica: conciencia histórica e novo sentido da ciencia. 				

		<ul style="list-style-type: none"> - O Romanticismo e a súa conciencia de movemento literario. Precusores: Goethe. - A poesía romántica e a novela histórica. - Lectura e comentario dunha antoloxía de poetas románticos europeos e dalgún fragmento de novela histórica. - Observación das relacións existentes entre as obras literarias do romanticismo e as obras de diferentes xéneros musicais (sinfonías, poemas sinfónicos, lieder, óperas), cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas. 				
	B.2.5.	<p>A segunda metade do século XIX:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Da narrativa romántica ao Realismo en Europa. Literatura e sociedade. Evolución dos temas e as técnicas narrativas do Realismo. Principais novelistas europeos do século XIX. Lectura e comentario dunha antoloxía de fragmentos de novelas realistas. - O nacemento da gran literatura norteamericana (1830-1890). Da experiencia vital á literatura. O renacemento do conto. Lectura e comentario dalgúns contos da segunda metade do século XIX. - O arranque da modernidade poética: de Baudelaire ao Simbolismo. Lectura dunha antoloxía de poesía simbolista. - A renovación do teatro europeo: un novo teatro e unhas novas formas de pensamento. Lectura e comentario dunha obra. - Observación das relacións existentes entre as obras literarias deste período e as obras de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas. 				

Avaliación	UNIDADES DIDACTICAS			Referencia libro texto	Temporalización		Probab avaliación
	Tema UD.	Bloque	Contidos		Mes	Sesións	
3ª Aval.		B1 B2	<p>BLOQUE 1: PROCESOS E ESTRATEXIAS</p> <p>BLOQUE 2: OS GRANDES PERÍODOS E MOVEMENTOS DA LIT. UNIVERSAL</p>				
		B.1.1.	Lectura e comentario de fragmentos, antoloxías e obras completas significativas da literatura universal.	APOR-TADO POLO PROFE-SOR/A	3º trim.	35	UNHA COMO MÍNIMO
		B.1.2.	Relacións entre obras literarias e o resto das artes.				
		B.1.3.	Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos. Superación de estereotipos (de xénero, clase, crenzas, etc.).				
		B.1.4.	Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos.				
		B.2.6.	<p>Os novos enfoques da literatura no século XX e as transformacións dos xéneros literarios:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A crise do pensamento decimonónico e a cultura de fin de século. A quebra da orde europea: a crise de 1914. As innovacións filosóficas, científicas e técnicas e a súa influencia na creación literaria. - A consolidación dunha nova forma de escribir na novela. Estudo das técnicas narrativas. Lectura dunha novela corta, dalgún relato e/ou dalgún conto representativo deste período. - As vangardas europeas. O surrealismo. Lectura dunha antoloxía de poesía vangardista. - A culminación da gran literatura americana. A xeración perdida. - O teatro do absurdo e do compromiso. Lectura dalgunha obra representativa destas correntes dramáticas. <p>Observación das relacións existentes entre as obras desta época e as obras de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xudiron a partir delas.</p>				

10.2. RELACIÓN ASPECTOS CURRICULARES 1º BAC. LITERATURA UNIVERSAL.

vkl		Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro			Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación			Temas tranversais								
T	g	D	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Instrumentos			Temas transversais				
									Probas escritas	Produtos	Observación	CL	EOE	CA	TIC	EMP
1	B.				LUB1.1.1.	CSC/CCEC	Le fragmentos significativos ou textos completos de obras da literatura universal, identificando algúns elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura e que chegaron a converterse en puntos de referencia da cultura universal.	50%	70%	20%	10%	CL / EOE / CA / TIC / EMP EC PV				
					LUB1.1.2.	CCEC/CSC/CAA	Interpreta obras ou fragmentos representativos de óstintas épocas, situándoas no seu contexto histórico, social e cultural, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así como os trazos máis salientables do estilo literario.	50%	70%	20%	10%					
	B.1.2.		LUB1.2.1.	CCL/CSC	Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas e relaciónas coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, analizando as vinculacións entre elas e comparando a súa forma de expresión.	50%	70%	20%	10%							
			LUB1.2.2.	CCL/CCEC	Establece relacións significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de xeito crítico algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, as similitudes e as diferenzas entre diferentes linguaxes expresivas.	50%	70%	20%	10%							
	B.		LUB1.3.1.	CCL	fomenta textos literarios de diferentes épocas e describe a evolución de determinados temas e formas creados pola literatura.	50%	70%	20%	10%							
			LUB1.3.2.	CSC/CCEC	Recoñece o valor permanente destes temas e formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal.	50%	70%	20%	10%							
	B.1.1.		LUB1.4.1.	CSC/CCL	compara textos literarios da literatura universal e textos das literaturas galega e española da mesma época, e recoñece as influencias mutuas e o mantemento de determinados temas e formas.	50%	70%	20%	10%							
	B.	B.2.2	LUB2.1.1.	CCL/CSC	Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as.	50%	70%	20%	10%							
			LUB2.2.1	CD/CCEC	Realiza traballos críticos sobre unha obra lida na súa integridade, relacionándoa co seu contexto histórico, social e literario e, de ser o caso, co significado e a relevancia do/da autor/a na época ou na historia da literatura, e consultando fontes de información diversas.	50%	70%	20%	10%							
			LUB2.J.1.	CCL/CD	Realiza presentacións orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante e utilización do rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria.	50%	70%	20%	10%							
		LUB2.3.2.	CCL/CCEC	Explica oralmente ou por escrito os cambios significativos na concepción da literatura e dos xéneros literarios, en relación co consumo de circunstancias	50%	70%	20%	10%								

LUB2.3.3.

CCL/CAA

históricas, sociais e culturais, e establecendo relacións entre a literatura e o resto das artes.

Valora oralmente ou por escrito unha obra literaria, recoñecendo a lectura como unha fonte de enriquecemento da propia personalidade e como un medio para profundar na comprensión do mundo interior e da sociedade.

50%

70%

20%

10%

2ª Aval

Estándares de aprendizaxe /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

D g T	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Instrumentos			Temas transversais				
							Probas escritas	Produtos	Observación	CL	EOE	CA	TIC	EMP
2	B.		LUB1.1.1.	CSC/CCEC	Le fragmentos significativos ou textos completos de obras da literatura universal, identificando algúns elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura e que chegaron a converterse en puntos de referencia da cultura universal.	50%	70%	20%	10%	CL / EOE / CA / TIC EMP / EC PV				
			LUB1.1.2.	CCEC/CSC/CAA	Interpreta obras ou fragmentos representativos de distintas épocas, situándoas no seu contexto histórico, social e cultural, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así como os trazos máis salientables do estilo literario.	50%	70%	20%	10%					
	B.4.2.		LUB1.2.1.	CCL/CSC	Interpreta determinadas obras narrativas, fíncas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas e relaciónaas coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, analizando as vinculacións entre elas e comparando a súa forma de expresión.	50%	70%	20%	10%					
			LUB1.2.2.	CCL/CCEC	Establece relacións significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de xeito crítico algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, as similitudes e as diferenzas entre diferentes linguaxes expresivas.	50%	70%	20%	10%					
	p		LUB1.3.1.	CCL	Gomenta textos literarios de diferentes épocas e describe a evolución de determinados temas e formas creados pola literatura.	50%	70%	20%	10%					
			LUB1.3.2.	CSC/CCEC	Recoñece o valor permanente destes temas e formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal.	50%	70%	20%	10%					
	a		LUB1.4.1.	CSC/CCL	Compara textos literarios da literatura universal e textos das literaturas galega e española da mesma época, e recoñece as influencias mutuas e o mantemento de determinados temas e formas.	50%	70%	20%	10%					
	u2.3. B.2.4. B.2.5..		LUB2.1.1.	CCL/CSC	Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as.	50%	70%	20%	10%					
		LUB2.2.1.	CD/CCEC	Realiza traballos críticos sobre unha obra lida na súa integridade, relacionándoa co seu contexto histórico, social e literario e, de ser o caso, co significado e a relevancia do/da autor/a na época ou na historia da literatura, e consultando fontes de información diversas.	50%	70%	20%	10%						

LUB2.3.1.	CCL/CD	Realiza presentación orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante e utilización do rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria.	50%	70%	20%	10%
LUB2.3.2.	CCL/CCEC	Explica oralmente ou por escrito os cambios significativos na concepción da literatura e dos xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais, e establecendo relacións entre a literatura e o resto das artes.	50%	70%	20%	10%
LUB2.3.3.	CCL/CAA	Valora oralmente ou por escrito unha obra literaria, recoñecendo a lectura como unha fonte de enriquecemento da propia personalidade e como un medio para profundar na comprensión do mundo interior e da sociedade.	50%	70%	20%	10%

3º Aval				Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación			Temas transversais		
T m a U D	Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consecución	Instrumentos			Temas transversais
							Probas escritas	Produtos	Observación	CL EOE CA TIC EMP EC PV
3	B.1.1.		LUB1.1.1.	CSC/CCEC	Le fragmentos significativos ou textos completos de obras da literatura universal, identificando algúns elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura e que chegaron a converterse en puntos de referencia da cultura universal.	50%	70%	20%	10%	CL / EOE / CA / TIC EMP EC PV
			LUB1.1.2.	CCEC/CSC/CAA	Interpreta obras ou fragmentos representativos de distintas épocas, situándoas no seu contexto histórico, social e cultural, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así como os trazos máis salientables do estilo literario.	50%	70%	20%	10%	
	B.1.z.		LUB1.Z.1.	CCL/CSC	Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas e relacións coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, analizando as vinculacións entre elas e comparando a súa forma de expresión.	50%	70%	20%	10%	
			LUB1.2.2.	CCL/CCEC	Establece relacións significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de xeito crítico algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, as similitudes e as diferenzas entre diferentes linguaxes expresivas.	50%	70%	20%	10%	
	B.1.3.		LUB1.J.1.	CCL	Comenta textos literarios de diferentes épocas e describe a evolución de determinados temas e formas creados pola literatura.	50%	70%	20%	10%	
			LUB1.3.z.	CSC/CCEC	Recoñece o valor permanente destes temas e formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal.	50%	70%	20%	10%	
	B.1.4.		LUB1.4.1.	CSC/CCL	Compara textos literarios da literatura universal e textos das literaturas galega e española da mesma época, e recoñece as influencias mutuas e o mantemento de determinados temas e formas.	50%	70%	20%	10%	

B.2.6.		LUB2.1.1.	CCL/CSC	Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as.	50%	70%	20%	10%
		LUB2.2.1.	CD/CCEC	Realiza traballos críticos sobre unha obra lida na súa integridade, relacionándoa co seu contexto histórico, social e literario e, de ser o caso, co significado e a relevancia do/da autor/a na época ou na historia da literatura, e consultando fontes de información diversas.	50%	70%	20%	10%
		LUB2.3.1.	CCL/CD	Realiza presentacións orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante e utilización do rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria.	50%	70%	20%	10%
		LUB2.3.2.	CCL/CCEC	Explica oralmente ou por escrito os cambios significativos na concepción da literatura e dos xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais, e establecendo relacións entre a literatura e o resto das artes.	50%	70%	20%	10%
		LUB2.3.3.	CCL/CAA	Valora oralmente ou por escrito unha obra literaria, recoñecendo a lectura como unha fonte de enriquecemento da propia personalidade e como un medio para profundar na comprensión do mundo interior e da sociedade.	50%	70%	20%	10%

Todos os estándares teñen o mesmo peso na cualificación. Se algún estándar quedara sen impartir por causa xustificable, o seu peso repartirase ponderadamente entre o resto.

LENDAS DE COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LENDAS TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

10.3.1. Estratexias metodolóxicas

Aspectos xerais

Traballar de maneira competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento e o alumnado adquire unha relevancia maior.

Neste proceso é necesario o adestramento individual e o traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que se poden, obviamente, extrapolar a outras áreas e contextos de aprendizaxes.

Nalgúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o traballo en grupo mediante a colaboración achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmejorable para adestrar a competencia comunicativa.

Partindo dos coñecementos previos cos que xa conta o alumnado, proxectados nas actividades da avaliación inicial, do coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no mesmo, o desenvolvemento de actividades desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiren para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Estratexias metodolóxicas

Lectura de textos curtos atendendo fundamentalmente á comprensión e estudo do vocabulario.
Elaboración de sínteses, identificando as ideas principais e secundarias.
Comentario de textos
Resolución de exercicios coa aplicación de coñecementos.
Memorización comprensiva.
Resolución de dúbidas.
Elaboración individual e colectiva de traballos de indagación e investigación.
Lecturas de libros axeitados ao nivel.

Secuenciación habitual de traballo na aula

Motivación:

- Presentación actividade con, textos, fotos, etc. se é posible na pizarra dixital.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado da contido curricular que se vai desenvolver.
- Información complementaria para reforzo e apoio con resolución de dúbidas.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo persoal

- Lectura e comprensión de textos.
- Resposta a preguntas.
- Resolución de problemas.
- Comentario de textos.
- Indagación e investigación.
- Memorización comprensiva.

Avaliación:

- Análise de producións: comentarios, etc.
- Exposicións orais
- Probas escritas
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

Agrupamentos

Non hai

Tempos

Como punto de partida seguiranse os recollidos na secuenciación de temporalización dos contidos, se ben cada profesor/a, pode modificar os mesmos, ao seu criterio, en función das características do grupo ou do alumnado.

A modo de exemplo contémpanse como elementos que poden incidir na temporalización os factores climatolóxicos, festividade, eventos, efemérides (Día da Paz, dos Dereitos Humanos, Contra a Violencia de Xénero, do Medio Ambientados, etc.), que poden ser incluídos na programación, o propio horario da materia (non é o mesmo propoñer tarefas que requiran maior concentración nos primeiras horas da xornada, que ao final do día lectivo ou da semana), entre outros posibles.

Así mesmo considérase interesante incluír dentro da estrutura da sesión momentos de traballo autónomo ou por grupo, que nos permita atender a diversidade natural dunha maneira máis individualizada, permitindo así dar cabida a tarefas de ampliación e reforzo.

Espazos

O espazo de referencia é a aula, pero contémpanse igualmente outros espazos que poidan ser considerados como contextos de aprendizaxe, ben sexa no propio centro (aula de informática, biblioteca, salón de actos, vestíbulo con motivo dunha exposición, etc.) ben, exteriores (saídas a museos, monumentos, etc.)

Materiais e recursos didácticos.

A aplicación desta programación levarase a cabo coa axuda de:

- APUNTAMENTOS aportados polo profesorado.

- LIBROS DE LECTURA OBRIGATORIA: Ao longo do curso leranse as seguintes obras, debendo o profesor/a indicar a(s) que corresponda(n) a cada avaliación.

1) Giovanni Boccaccio, tres contos d O Oecamerón: — I, 3, «O xudeu Melquisedec e o sultán Saladino...». — III, 10, «Alibech faise ermitá, e o monxe Rústico ensinalle a meter o demo no inferno. ...». — X, 10, «O marqués de Sanluzzo e Griselda. ...».

2) Elección entre William Shakespeare (*Romeo e Xulieta*) ou Molière *Tartufo*.

3) Una selección dos seguintes poetas e poemas románticos: Samuel T. Coleridge («Kubla Khan, ou unha visión dun soño») e John Keats («Oda a un roiseñor» e «Oda a unha furna grega»).

4) Elección entre Charles Dickens [*Oliver Twist*] ou Gustave Flaubert (*Madame Bovary*).

5) Unha selección dos seguintes contos do século XIX: Edgar Allan Poe («O corazón delator»), Guy de Maupassant («O colar») e Antón Chéjov («Vanka»).

6) Charles Baudelaire, *As flores do mal* (o comentario centrarase nos seguintes poemas: «O albatros», «Correspondencias», «Himno á beleza», «Invitación á viaxe», «A unha transeúnte», «O crepúsculo matutino», «A destrución» e «A viaxe [movimentos I e VIII]»).

7) Elección entre Franz Kafka (*A metamorfose*) ou Albert Camus (*O estranxeiro*).

8) Elección entre Bertolt Brecht *A evitable ascensión de Aduro Li*) ou Samuel Beckett (*Esperando a Godof*).

- Libros de consulta (diccionarios, enciclopedias, gramáticas) , lecturas literarias, materiais de apoio facilitado polo profesor/a para traballar os contidos das unidades didácticas, material confeccionado polo docente, material de reforzo e ampliación, procesadores de textos, Webquest, consulta de páxinas web, blogs, wikis especializadas en educación, gravacións, audicións, etc, así como incluír outros que se consideren necesarios para a consecución dos obxectivos.

10.4. AVALIACIÓN

Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes

10.4.1. Procedementos de avaliación inicial

Data de realización

Nas primeiras semanas do curso.

En que consistirá†

Na detección dos coñecementos previos que se poidan obter a través de preguntas orais, proba escrita, etc.,.

Información á familia

Sempre que se considere necesario informarase á familia dos resultados, en especial cando se estime conveniente a realización de apoios e adaptacións curriculares.

Cales serán as consecuencias dos resultados†

Esta proba é un mero indicador de nivel básico para a profesor/a; non se lle devolverá ao alumnado dado que non ten unha cualificación en si, nin tampouco terá repercusións na cualificación trimestral, mais si servirá para evidenciar posibles trabas cara ao rendemento académico do alumnado. O resultado desta proba porase de manifesto na reunión da avaliación da xunta de profesores do grupo.

Temporalización

En cada avaliación farase unha proba escrita, como mínimo.

Cualificación

A cualificación de cada avaliación será numérica (de 0 a 10 puntos) e responderá ás seguintes porcentaxes:

- Probas escritas contidos: 50% . Farase polo menos, un exame por avaliación. Neste exame establecerase unha penalización máxima por erros no uso da lingua de 2 puntos (sobre 10) (Moi graves: Solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos clínicos...). Desconto 0'20 puntos c/u. Graves: Solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica... Desconto 0'10 c/u. Leves: Solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0'05 puntos c/u.) **SERÁ NECESARIO OBTENIR UN MÍNIMO DE 3 PUNTOS (SOBRE 10) NESTE APARTADO PARA APROBAR A MATERIA.** De facerse máis dun exame, a nota será a media dos exames, sendo necesario obter o mínimo de 3 puntos (sobre 10) EN CADA UN DELES para facer a media co(s) outro(s). De non acadar este mínimo tampouco se sumarán o resto das cualificacións (produtos, observación) e suspenderase a materia, adoptando as medidas correctoras oportunas. Deberase indicar en cada pregunta o valor numérico da mesma.

- Produtos (traballos, control de lectura obras, etc.): 40%.. Puntuarase tamén a corrección da lingua segundo o dito anteriormente, co límite máximo neste caso de 1 punto (sobre 10). Indicarase tamén o valor numérico da(s) pregunta(s). O traballo en clase e a actitude serán fundamentais para acadar o aprobado

- Observación: 10 %. Valorarase a expresión oral, a realización dos exercicios ou traballos propostos, a asistencia á clase, o traballo na aula, a atención, a actitude positiva, e o respecto do alumnado cara a materia, o grupo e o profesor.

Outros aspectos:

- O alumno que non realice un exame na data fixada deberá presentar xustificante oficial para poder realizar o mesmo.

- Empregar métodos fraudulentos na realización de probas, permitir que outros copien o seu traballo ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar resultados implicará a obtención automática dun cero (0) na proba correspondente.

- Calquera proba gravemente ilexible ou mal presentada poderá non ser cualificada ou ser rebaixada na nota

- O profesor/a poderá permitir, nos casos que estime oportunos, e indicando as pautas a seguir en cada caso concreto, a realización de lecturas e traballos de carácter voluntario por parte do alumnado, con repercusión na cualificación final, cun límite máximo de 1 punto, e sempre que a avaliación estea aprobada.

- Redondeos. Cando da suma das notas que integran a cualificación resulte un decimal que sexa 0,8 ou 0,9, asimilárase ao enteiro superior (Ex.: 3,8 obterá un 4 na avaliación, 5,9 un 6, etc.)

Considerase superada a avaliación cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. Os alumnos que obteñan unha cualificación inferior terán a posibilidade de realizar unha proba de recuperación que se realizará durante o curso académico.

Recuperación de probas non superadas

Queda ao criterio do profesorado responsable. A cualificación destas probas farase atendendo aos mesmos criterios e ponderación que as probas ordinarias, de forma que a posibilidade de mellora recae na proba escrita e mantense a cualificación do resto de instrumentos de avaliación. Só se modificará a cualificación se é superior á inicial.

Recuperación de avaliacións non superadas

Haberá unha proba final escrita sobre os contidos e competencias da avaliación ou as avaliacións en cuestión, se ben o profesor/a poderá realizar as recuperacións que considere oportunas antes desta proba final.

10.4.3. Procedementos de avaliación final

Quen debe ir a avaliación final†

Calquera alum no/a que non teña superada a materia.

En que consistirá a proba?

Será unha proba escrita. A cualificación destas probas farase atendendo aos mesmos criterios e ponderación que as probas ordinarias, de forma que a posibilidade de mellora recae na proba escrita e mantense a cualificación do resto de instrumentos de avaliación. Só se modificará a cualificación se é superior á inicial

Que estándares se van avaliar?

Os correspondentes ás probas a recuperar das avaliacións indicadas.

Como se elabora a cualificación final†

Obtidas as notas das probas efectuadas, aplicadas as porcentaxes de cualificación indicadas anteriormente, e respectando o establecido igualmente para o redondeo, para superar a materia o alumno deberá acadar como mínimo un 5. Os alumnos que non acaden o mínimo indicado nesta avaliación final do mes de xuño, poderán realizar unha proba en setembro para superar a materia.

Que criterios segue o centro para a promoción?

Os indicados no decreto 86/2015

10.4.4. Procedementos de avaliación extraordinaria

Que tipo de proba se vai aplicar?

Será unha proba escrita, e referirase á toda a materia do mesmo. Na proba indicarse a puntuación de cada pregunta.

Como se cualifica?

A proba extraordinaria de setembro será cualificada de 1 a 10. O redondeo aplicable será o mesmo que o establecido na proba final de xuño. Para superar a materia o alumno/a deberá alcanzar como mínimo un 5

10.4.5. Procedementos de recuperación e avaliación de pendentes

Non hai pendentes de cursos anteriores.

11.- OUTRAS AVALIACIÓNS

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
Proceso de ensino:				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,... ?				

2.- Avaliación da programación didáctica

Con que periodicidade se revisará
Trimestralmente. Logo de cada sesión de avaliación con nota, e a partir de datos obxectivos e cuantificables, reflexionárase sobre os resultados da avaliación, analizando a marcha da Programación Didáctica, as dificultades observadas, a adecuación das tarefas, os enfoques metodolóxicos, as aprendizaxes imprescindibles, os instrumentos de avaliación... permitindo así con todos estes datos unha correcta valoración do axuste entre o deseño, o desenvolvemento e os resultados.
Que medidas se adoptarán en caso de desfase?
As medidas correctoras que se estimen como posibles solucións dependendo do tipo de problema.

	Escala			
	1	2	3	4
(Indicadores de logro)				
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnase a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para obacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				
Observacións:				

12.- ATENCION A DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

Con obxecto de atender adecuadamente á diversidade, levaranse a cabo diversas medidas, entre as que cabe destacar as seguintes:

- Adaptacións do currículo.
- Medidas organizativas.
- Apoios e reforzos.

que serán obxecto de coordinación co Departamento de Orientación unha vez que se identifiquen e valoren as necesidades específicas de apoio educativo derivadas de problemas de aprendizaxe, discapacidade ou trastorno de conduta, altas capacidades ou incorporación serodia, ou por requirir dun programa específico para adquirir a lingua de acollida, ou superar as carencias sobre as competencias básicas.

13. Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias están incluídas no PXA.

14. Datos departamento

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Lingua Galega e Literatura	1º ESO	A,B,C,D	Purificación Rodríguez
	1º ESO	E	Regina Díaz
	1º ESO Reforzo		Purificación Rodríguez
Lingua Galega e Literatura	2º ESO	A,B,C,D	Ana Mª Rodríguez
	2º ESO	E,F	Esther Rodríguez
Lingua Galega e Literatura	3º ESO	A,B,C,D, E	Regina Díaz
	3º ESO	F	Mº Jesús Mourín
PMAR. Ambito lingüístico – social	3º ESO		Esther Rodríguez García
Lingua Galega e Literatura	4º ESO	A,B,C,D, E	Mª Jesús Mourín
	4º ESO	F,G	Iria Varela
Lingua Galega e Literatura	1º BAC	A,B,C,D,	Iria Varela
	1º BAC	E,F	Inmaculada Fernández
	1º BAC	C,D	Sandra Varela
Literatura Universal	1º BAC	B,C,D,E,F	Aurea Penas Roibás
Lingua Galega e Literatura	2º BAC	A,B	Cristina Soto S.-G.
	2º BAC	C,D,E,F	Susana Vázquez González
	2º BAC	G,H,I	Inmaculada Fernández

ANEXO I

PAL

A aportación da materia de Lingua Galega e Literatura ao Plan Anual Lector (PAL), debido ás características da disciplina, leváase a cabo durante todo ano.

Como quedou reflectido na Programación Xeral Anual, todos os cursos e niveis levan aparelados a lectura de libros trimestrais salvo en 2º de BAC, no cal por motivos de temporalización, non se recolle ningunha lectura no terceiro trimestre.

Desde o Departamento tratamos de compaxinar aquelas lecturas que poden resultar máis atraentes para os rapaces e rapazas, con aquelas que poderíamos considerar “clásicos” da nosa literatura coa finalidade de darlle ao alumnado unha visión máis ampla do noso acervo literario. As lecturas están elixidas sempre dacordo coas idades e niveis dos lectores e lectoras.

Alén disto e de forma constante, desenvólvense nas aulas, nomeadamente nos cursos de ESO lecturas de textos variados coa finalidade de profundar na comprensión lectora dos rapaces e rapazas. Nos cursos de BAC, o traballo faise a través de textos que forman parte das probas obxectivas que leva a cabo o alumnado ao longo do curso.

TIC

As Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) están a desenvolver un importante papel nos distintos eidos da sociedade actual polo que a súa integración na actividade educativa parece unha prioridade sobre todo nesta situación de pandemia que estamos a vivir.

Neste curso académico, o Departamento de Lingua Galega e Literatura integrouse no proxecto E-Dixgal, implantando o libro dixital para os alumnos e alumnas de 1º e 2º de ESO, cunha dobre finalidade por unha banda contribuír á alfabetización dixital do alumnado e por outra en previsión que a situación sanitaria nos obrigue a volver á educación telemática.

Na mesma liña do citado anteriormente as profesoras do Departamento fan uso de plataformas dixitais como Aula Virtual, Edmodo, espazo Abalar... e manteñen e amplian as canles de comunicación dixital cos membros da comunidade educativa: páxina web do centro, correo electrónico corporativo, redes sociais, etc.

IGUALDADE

A igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación por razóns de sexo é un principio que aparece recollido na enumeración dos dereitos fundamentais que se fai na Constitución.

O noso centro seguindo as Instrucións do 06 de setembro de 2019 conta cun plan de igualdade, que concreta as medidas de actuación que se propoñen para acadar os obxectivos coeducativos. Trátase xa que logo, de informar e sensibilizar ao alumnado.

A nivel Departamento a igualdade está presente desde todas as perspectivas: utilización dunha linguaxe inclusiva e igualitaria tanto nas aulas como fóra delas; busca da paridade na selección de libros de lectura, escolla de textos que visibilicen os problemas que afectan ás mulleres polo feito de selo, análise dos estereotipos de xénero en lendas, contos, poñer en valor o papel feminino ao longo da historia en todos os ámbitos nos que as mulleres foron invisibilizadas e apartadas da educación. En definitiva, actividades que fomenten o debate e o espírito crítico fronte ás desigualdades.

ANEXO II

Neste apartado imos facer referencia aos acontecementos vividos desde o 12 de marzo día no que o Consello da Xunta adoptou medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia da evolución da pandemia. A posterior declaración mediante Real decreto do estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria, coa conseguinte suspensión da actividade educativa presencial, e o mantemento das actividades educativas a través da modalidade a distancia.

Nese escenario desenvolveuse o terceiro trimestre do curso 2019-20, durante o cal se planificaron actividades de recuperación e reforzo de aprendizaxes anteriores e cando as actividades foron de ampliación, sempre eran referidas a aqueles estándares que precisaban unha mínima intervención do profesorado.

Como consecuencia do exposto anteriormente quedaron sen ver os contidos referidos ao terceiro trimestre en todos os cursos e niveis, aínda que a propia conformación da materia, disciplina con contidos progresivos, permite que o alumnado adquira eses coñecementos ao longo da súa formación académica. Por outra parte a coincidencia, certamente ampliadas nos cursos superiores, dos currículos na parte de Literatura en cursos como 3º ESO e 1º BAC, 4º de ESO e 2º BAC respectivamente, permitirá aos alumnos e alumnas paliar eses déficits.

Con todo e sempre que a temporalización da materia para o curso 2020-2021 así o permita e o alumnado o requirise, as profesoras revisarán os aspectos máis salientables da disciplina que quedaron sen ver polos motivos indicados.

Metodoloxía

Na orde do 16 de setembro de 2020 na que se ditan instrucións sobre o comezo do curso académico 2020/21 dependendo da evolución da pandemia da COVID-19, contéplanse tres posibles escenarios: a ensinanza presencial, a semipresencialidade e o ensino telemático.

Con carácter xeral a ensinanza presencial, que se está a levar a cabo cumprindo as instrucións ditadas pola Consellería de Educación.

O ensino presencial rotatorio, referido só ao bacharelato en ningún caso á ESO *“As ensinanzas de bacharelato poderán impartirse no modelo de educación semipresencial rotatoria para o alumnado que colla na aula, e a distancia, ou simultánea para o resto do grupo”*

O ensino telemático, ao que se recorrería se a xestión da crise sanitaria así o obrigase e que seguiría os parámetros utilizados no terceiro trimestre do curso 2019-2020. Este mesmo formato utilizarase cos aqueles alumnos e alumnas que por supostos contaxios non poidan acudir eventualmente as aulas.

As plataformas dixitais que se utilizarían nun hipotético confinamento serán as reseñadas no Anexo I, apartado TIC.